



Órgano de contratación:	Axencia Galega da Calidade Alimentaria
Denominación do procedemento:	Alleamento, mediante poxa pública, de corenta e catro (44) animais vacúns de raza Rubia Galega, pertencentes á Axencia Galega da Calidade Alimentaria
División por lotes	Si: 42 lotes

PREGO DE CONDICIÓN S DO PROCEDEMENTO DE ALLEAMENTO, MEDIANTE POXA PÚBLICA, DE CORENTA E CATRO (44) ANIMAIS DE RAZA RUBIA GALEGA, PERTENCENTES Á AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA

ANTECEDENTES.....	2
OBXECTO DO PROCEDEMENTO.....	2
DESCRIPCIÓN DOS BENS A ALLEAR.....	3
OFERTA MÍNIMA E LICITACIÓN	3
PRESENTACIÓN DE OFERTAS.....	3
CONDICIÓN S DE PAGO E RETIRADA DOS ANIMAIS.....	4

ANTECEDENTES

- (1) O Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal), configura a Axencia con personalidade xurídica propia, patrimonio e tesourería propios e autonomía na súa xestión. O seu obxecto, entre outros, é a promoción e execución dos programas de investigación pública e transferencia en materia agropecuaria, incluíndo a formación profesional regrada. Para o cumprimento destes fins dispón de diferentes centros de investigación e formación espallados pola xeografía da Comunidade Autónoma, onde se mantén en explotación un determinado censo de animais de produción.
- (1) Dento da Axencia lle corresponde o impulso e execución das actividades de investigación agraria e alimentaria á Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria directamente ou a través das unidades adscritas. Entre elas, ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) correspóndelle o exercicio das funcións de investigación, innovación e transferencia, especialmente en todas as materias agrarias, incluídas a agricultura, a gandaría e os aproveitamentos do medio natural, desde os puntos de vista da produción, da conservación e mellora xenética, da sanidade e o benestar, e da industria agroalimentaria, de xeito compatible co medio e a biodiversidade agraria e no contexto dunha economía baixa en carbono. Vinculadas a este centro figuran asociadas dúas explotacións de gando vacún de carne: ES150010077101 e ES150500091601.
- (2) En tanto que a orientación das explotacións da Agacal non ten carácter produtivo, compre liberar os excedentes de censo que eventualmente se producen. En concreto, o CIAM conta a día de hoxe cun colectivo de 44 animais vacúns de raza Rubia Galega en condicións de seren alleadas. Estes 44 animais se distribúen en 42 lotes (42 animais adultos e 2 tenreiras) dos que 9 se corresponden con xovencas non xestantes nadas no ano 2024, 3 xovencas non xestantes nadas no ano 2025, 26 xovencas xestantes nadas no ano 2024 e mais 4 xovencas paridas no ano 2024, dúas delas acompañadas da súa cria.

OBXECTO DO PROCEDIMENTO

- (3) Constitúe o obxecto do procedemento o alleamento dunha partida de 44 animais de gando vacún de raza Rubia Galega, nadas e criadas no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, Estrada Betanzos-Mesón do Vento, Km.7 - Mabegondo - 15318 Abegondo

Axencia Galega da Calidade Alimentaria
Avda. do Camiño Francés, 10 - Baixo
15703 Santiago de Compostela
T. 881 996 279
agacal@xunta.gal

DESCRIPCIÓN DOS BENS A ALLEAR

- (4) A partida integra un total de 44 animais vacúns da raza Rubia Galega, segundo o desagregado do Anexo III. Cada un dos lotes independentes está constituído por un ou dous animais segundo se reflicte no Anexo III.
- (5) Todos os animais entréganse coa correspondente certificación sanitaria en regra.
- (6) Os licitadores interesados poderán revisar os animais en visita presencial a celebrar o vindeiros días 8 e 9 de xullo entre as 10:00 e as 13:00 horas e o 10 de xullo entre as 9:00 e as 11:00 horas, nas dependencias do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, Estrada Betanzos-Mesón do Vento, Km.7 - Mabegondo - 15318 Abegondo.

OFERTA MÍNIMA E LICITACIÓN

- (7) A licitación mínima admisible por animal será, segundo se indica no Anexo III de 1.900 € ou 2.000 € (IVE incluído) para xovencas non xestantes, 2.300 € ou 2.400 € (IVE incluído) para as xovencas xestantes, 1.800 € (IVE incluído) para xovencas paridas non acompañadas de cría e finalmente os lotes de xovencas paridas acompañadas de cría terán un prezo de saída de 2.600 €. Non se admitirán ofertas inferiores. As ofertas superiores presentaranse en tramos de múltiplos de 50 € (1.900 €, 1.950 €, 2.000 €, 2.050 €, etc.).
- (8) Cada licitador poderá ser adxudicatario dun máximo de cinco lotes. Deberá acreditar o destino a unha explotación con código REGA localizado na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu compromiso de destinar os animais a vida como reprodutores durante a lo menos 3 anos, salvo causa de forza maior.
- (9) A adxudicación dos lotes outorgarase á mellor oferta económica.

REQUISITOS PARA PODER PARTICIPAR NA POXA

Contacto do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo: ciam.cmr@xunta.gal,
teléfono 881 881 806

(10) Requisitos para poder participar na poxa:

A inscrición para participar na poxa realizarase exclusivamente por escrito a través do Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia, mediante o procedemento PR004A, dirixido ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo da Axencia Galega da Calidade Alimentaria a través da sede electrónica (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>)

Deberanse Anexar á instancia xenérica os seguintes documentos:

- Modelo de inscrición previa (modelo de declaración anexo I).
- Declaración responsable (modelo de declaración anexo II).
- Acreditación da personalidade:
 - o No caso de persoas físicas: copia do documento nacional de identidade ou pasaporte en vigor
 - o No caso de persoas xurídicas: escritura de constitución inscrita no rexistro correspondente.
- Acreditación de estar inscritos no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA)

(11) O día 10 de xullo ás 11:30 horas realizarase a sesión de poxa pública no salón de actos do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo no que se proxectarán imaxes dos lotes sometidos a poxa.

(12) Os solicitantes de participación deberán ter enviado a solicitude xunto coa documentación antes das 14:00 horas do día 07 de xullo de 2026.

(13) Toda a información do procedemento estará dispoñible na páxina web da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (<https://agacal.xunta.gal/gl>).

CONDICIÓNS DE PAGO E RETIRADA DOS ANIMAIS

(14) Os adxudicatarios disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles para retirar os animais. A retirada será notificada cunha antelación de 24 horas ao teléfono 881 881 806. Será por conta dos adxudicatarios os custes de retirada.

(15) Con carácter previo á retirada dos animais, os adxudicatarios deberán formalizar o ingreso das cantidades debidas na conta da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

ES07 2080 5540 3831 1000 3773



ANEXO I. MODELO DE INSCRIPCIÓN PARA A PARTICIPACIÓN NA POXA DE ANIMAIS VACÚNS DA RAZA RUBIA GALEGA DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA NO CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO DO 01 DE XULLO DE 2025

D/Dª _____, con DNI/NIF
_____ maior de idade, veciño/a do concello de
_____ Provincia de _____, e con domicilio en

☐ En nome propio / ☐ En representación legal de (rísquese cun X o que proceda)
_____ con Código de explotación
gandeira (REGA) _____, Teléfono _____ e
Correo electrónico _____

Datos a efectos de notificación:

Notifíquese a:

- ☐ Persoa declarante
- ☐ Persoa representante

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos mediante o Servizo de Notificacións Electrónicas, da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/>) e para elo poderá acceder á notificación empregando un certificado asociado á persoa solicitante ou representante indicada.

Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico anteriormente declarado.

DECLARO Primeiro.-

Que son coñecedor/a do procedemento para o alleamento mediante Poxa Pública de gando vacún da raza Rubia Galega da Axencia Galega da Calidade Alimentaria cuio anuncio de licitación foi publicado no Diario Oficial de Galicia número 123 do 03 de Xullo de 2026, e cúa información se pode consultar na páxina web da Axencia no enlace <https://agacal.xunta.gal/> a partir do día da publicación da resolución do DOG.

Segundo.- Manifesto coñecer e aceptar as condicións, requisitos e obrigas establecidas nos pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas particulares que o regulan e SOLICITO a participación neste procemento.

En _____, a de de 2026 (Lugar, data e sinatura).

Asdo;.....



ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D^a _____, con DNI/NIF _____,
maior de idade, e veciño/a do concello de _____, Provincia
de _____, con domicilio en _____

☐ En nome propio / ☐ En representación legal de (rísquese cun X o que proceda) de
_____, cón código de explotación
gandeira (REGA) _____ Teléfono _____ e
Correo electrónico _____

Tendo coñecemento das condicións e requisitos esixidos no prego de prescricións técnicas
particulares para o alleamento dos lotes de gando vacún de raza Rubia Galega propiedade
da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, mediante poxa pública,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

I.- Ter plena capacidade de obrar conforme ao establecido no artigo 3 da Lei 39/2015, de 1
de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e os
medios materiais e persoais suficientes para o cumprimento das obrigacións derivadas do
contrato.

II.-Estar inscrito no Rexistro de Explotacións Gandeiras (REGA) cunha explotación de
produción reprodución dada de alta na Comunidade Autónoma de Galicia, co código de
rexistro: _____

III.- Non atoparse incurso en ningún dos supostos que prohiben contratar coa
Administración, conforme o disposto no artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de
Contratos do Sector Público.

IV.- Non atoparse incurso en causa de incompatibilidade, nin que por razón de cargo ou
destino exerza algunha competencia respecto dos bens obxecto de poxa, nin ter débedas
coas Administracións Públicas.

V.- Coñecer e aceptar integramente o prego que rexe a poxa, someténdose voluntariamente
ao mesmo, así como á demais normativa de aplicación, e a cantas obrigas e
responsabilidades derívense da licitación, como licitador/a e como adxudicatario/a, se así
resultase.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada.

OPÓÑOME Á CONSULTA de:

- ☐ Consulta de datos de identidade de persoas físicas
- ☐ Estar ao corrente de pagamento coa Seguridade Social
- ☐ Estar ao corrente de pagamento de obrigas tributarias para a contratación coas
administracións públicas
- ☐ Imposto de actividades económicas (IAE)
- ☐ Validación de NIF de persoas xurídicas

*NOTA.- No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta deberán indicalo no cadro correspondente
e achegar os documentos correspondentes antes da participación na poxa.*

E para que conste asino a presente declaración en _____, a __ de _____ de 2026